

EXCMO. CONCELLO DE LUGO

ANUNCIO

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 9 de decembro de 2009, aprobou a forma de adxudicación mediante procedemento aberto para A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ELABORACIÓN DE ESTUDO BIOMECÁNICO, FITOPATOLÓXICO E DE PODAS SANITARIAS DO ARBOREDO EXISTENTE NO PARQUE DE ROSALÍA DE CASTRO.

Por medio deste anuncio dáse a coñece-la licitación conforme as seguintes características:

1.- Entidade adxudicadora.

a) Organismo: Excmo. Concello de Lugo.

b) Dependencia que tramita o expediente: Servizo de Contratación e Patrimonio.

2.- Obxecto do contrato.

a) Descrición do obxecto: Realización dun estudio biomecánico, fitopatolóxico e de podas sanitarias do arboredo existente no parque de Rosalía de Castro, todo elo de acordo coas condicións técnicas.

b) Prazo de execución: Os traballos obxecto deste contrato levaranse a cabo no prazo máximo de DOCE MESES contados a partir da data de formalización do contrato.

3.- Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

a) Tramitación: ordinaria

b) Procedimiento: aberto

4.- Tipo de licitación

a) Orzamento máximo do Contrato: O valor estimado do contrato ascende a 104.310,34 € polo que sumando o IVE de 16% (16.689,66 euros) resulta un presuposto total de 121.000 euros, IVE

INCLUIDO.

5.- Garantías:

a) Provisional: 3.129,31 €

b) Definitiva: 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE,

6. Obtención de documentación e información.

a) Entidade: Concello de Lugo, Servizo de Contratación e Patrimonio.

b) Domicilio: Ronda da Muralla, 197.

c) Localidade e c.p.: Lugo, 27002

d) Teléfonos: (982) 29-72-56, 29-73-27.

e) Telefax: (982) 29-72-59.

f) Dirección internet: www.lugo.es (Zona de servizos: perfil do contratante)

g) Data límite de obtención de documentos e información: Ata o remate do prazo de presentación de proposicións.

7.- Requisitos específicos do contratista.

a) Outros requisitos: Os sinalados no prego de condicións

8.- Presentación de ofertas ou das solicitudes de participación.

a) Data límite de presentación: 15 días naturais contados a partir da data de publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. No caso de que o último día coincidise en sábado ou festivo, prorrogarase ata o seguinte día hábil.

b) Documentación que hai que presentar: A que figura na cláusula décima do prego de condicións.

c) Lugar de presentación:

1ª Entidade: Concello de Lugo, Oficina de Rexistro ou ben nos lugares legalmente establecidos.

2ª Domicilio: Ronda da Muralla, 197

3ª Localidade e c.p.: Lugo, 27002

d) Prazo durante o cal o licitador estará obrigado a mante-la súa oferta (concurso): 3 meses.

9.- Apertura das ofertas.

a) Entidade: Concello de Lugo

b) Domicilio: Ronda da Muralla, 197 (3ª Planta)

c) Localidade: Lugo

CONTRATACIÓN E PATRIMONIO

MLA/rdi

Ref^º:FITOPATOLÓXICO

Asunto: anuncio-

d) Data: ó segundo día natural ó remate do prazo de presentación de proposicións. Se dito día coincidise en sábado ou festivo a apertura realizarase ó seguinte día hábil. O devandito prazo ampliarase, no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo.

10.- Outras informacións: As que se recollen no prego de condicións.

11.- Gastos dos anuncios: 134,94 euros que serán por conta dos adxudicatarios.

Lugo, 23 de decembro de 2009
O ALCALDE,
P.D. TENENTA-ALCALDE DA AREA
(Decreto Alcaldía nº 75/2007)

Asdo.: Sonia Mendez Garcia